

## PETICIÓN

O vindeiro xoves terá lugar a visita do Director Xeral do Catastro con motivo da inauguración do servizo coñecido como Punto de Información Catastral, iniciativa que o grupo municipal do BNG felicita xa que haber si deste xeito se evitan algunhas das molestias e incomidades que dende a Xerencia Catastral se están a causar aos veciños e veciñas administrados, sendo aínda moito máis positivo si desta maneira se acaba unha maior axilidade e simplicidade nos cada vez máis complexos e enfarragosos trámites de tipo administrativo.

Nesta mesma liña, o Grupo Municipal do BNG quere lembrar que no mes de xullo do 2004 este grupo presentou unha moción a medio da cal se solicitaba a revisión dos erros imputables á actuación da Xerencia Catastral na identificación de bens inmobiliarios, sobre todo de tipo rústico, o que está a provocar numerosos trastornos tanto de tipo económico como incluso xudiciais aos cidadáns e así se facía constar na nosa moción, a cal acadou o apoio unánime de toda a Corporación Municipal adoptándose finalmente o seguinte acordo:

*“Instar da Dirección Xeral do Catastro e do propio Ministerio de Facenda (da que esta depende organicamente), á realización dunha actuación encamiñada a comprobar todas as circunstancias relativas ós bens inmobles obxecto de reclamación, emprazados no Concello de Vilagarcía, que se evidencien erróneos pola actuación imputable da administración, debendo requirir a presenza de cada un dos propietarios afectados a fin de que presenten a documentación oportuna e unha vez verificada proceder, no seu caso, a corrixir ou modificar de oficio tódolos datos erróneos relativos ós mesmos.”*

No pleno celebrado no mes de outubro dese mesmo ano (2004) deuse conta dun escrito remitido pola Dirección Xeral do Catastro respostando a ese acordo plenario e no que se manifestaba que *“...este Centro Directivo ten como obxectivo prioritario o mantemento dun Catastro actualizado e coincidente coa realidade inmobiliaria, que poida ofrecer un servizo de calidade ós cidadáns e ás administracións públicas. Para conseguir este obxectivo, resulta fundamental detectar os posibles erros existentes nos datos descritivos e identificativos legalmente establecidos ó efecto...”*

*Con ese fin, dei instrucións ó Xerente Rexional do Catastro de Galicia para que se poña en contacto con esa Corporación e poida recadar información sobre aqueles datos que, segundo as manifestacións dos propios interesados, adoezan de algún tipo de erro. Quero avanzarlle, en calquera caso, que a Xerencia Territorial de Pontevedra vai iniciar nas próximas datas os traballos de renovación catastral de Vilagarcía de Arousa, que afectan á totalidade dos inmobles rústicos do municipio, o que permitirá dispor dunha nova cartografía*

*dixitalizada de todos os inmobles desta natureza e de uns datos descritivos dos mesmos completamente revisados e actualizados...”*

Que dado o tempo transcorrido dende entón, exactamente ano e medio, sen que se teña producido nada do aquí comprometido e anunciado, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG solicita que por parte da Alcaldía ou por quen corresponda, aproveitando a visita que vai ter lugar do Director Xeral do Catastro, se lle lembre tanto o contido da moción presentada por este grupo municipal e aprobada por unanimidade da Corporación así como do escrito posteriormente remitido pola propia Dirección Xeral do Catastro e aquí reseñado a fin de que se leven a cabo na maior brevidade as actuacións que neste senso se tiñan comprometido.

Vilagarcía de Arousa, a 5 de abril de 2006.

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA